

Confinada; a casa como gaiola

Por moito que o tente, non son quen de sacalo do maxín. Presenza constante, turbadora e que segue a bater contra min. Aquela luz inesperada, que lonxe de producir un necesario e bendito acougo, significaba o arrepío máis fondo. Viña dun lugar certo. Non era unha lumieira que chega dun recanto físico, nin da raeira, eses intres nos que o Sol amosa toda a súa brava afouteza. Esa luz viña del; procedía da súa faciana e rabuñaba en min con teimuda violencia.

Aqueles dentes que non estaban roídos, nin moito menos, todo o contrario: escintilaban. Era case o único que se podía enxergar entre as tebras. Un branco de porcelana que se aguilloaba ao rente de noites que viñan ser de tormento, e infinita dor. Todo nel supoñía unha ameaza: as súas mans, a súa forza, pero aquel sorriso macabro creo que me vai acompañar o resto dos meus días. Sinto palpitacións só de lembralo, trémeme o pulso e ata teño a sensación de non ser quen de respirar.

Todo se foi esfarelando, tal castelo de naipes que se van arrebolando ás toas, sen previo aviso. Sentía que me arrincaba a pel, como se me roubase a vida.

A casa era unha gaiola e eu tiña a un monstro diante de min. Creo que o peor era a sensación de non ter escapatoria; illada sen poder establecer contacto co exterior. Nin o máis mínimo. Fíxose co meu teléfono móbil e, ante calquera chamada, as súas palabras adoitaban ser as mesmas: “Marisa non se atopa ben, está doente, debe descansar, e mellor que non fale que ninguén”... e logo, directamente, apagou o móbil.

O mesmo fixo co ordenador, do que dixó, era un muro entre nós, que non precisabamos a ninguén máis: “o Facebook ese é unha trapallada. Xa me tes a min, que máis has querer. Tes todo, a túa familia”.

A familia era el, unicamente. Xa pasaran anos dende que as nosas fillas marcharan estudar á universidade. Non había nada que me unise a aquel home, que se convertera nun completo descoñecido. Quería vivir a miña propia vida, soltar lastre.

Vinme na obriga de adiar o divorcio porque nos xulgados, cando se estaba a iniciar a pandemia que nos deixou sen aire, aseguraron que non daban feito. Todo estaba paralizado, tería que regresar mañá, pasado, quen o sabe?

Non pasou moito tempo, pero para min foi como se fose onte, antonte; unha ameaza que está moi presente e que me apreixa o pescozo. Foi a mediados do mes de marzo cando se declarou o primeiro Estado de Alarma e non se podía saír de casa, salvo estrita necesidade. Apenas tardou un par de días en chegar o anunciou de despedimentos da fábrica téxtil na que levaba trinta anos cosendo, deixándome os dedos, a vida enteira. Non me botaran mal de ollo, mais asemellábase moito.

“Que ben o imos pasar xuntos, meu amorciño. Teremos unha segunda lúa de mel, xa o verás, ruliña... e iso que hai quen di que xa non queda amor”.

Foron os peores días, meses da miña vida. A casa converteuse nunha lousa. Como non podía saír, mallaba en min cando o rexeitaba, sen que as mazaduras o delatasen. Non sabía que facer, ata pensei en fuxir por unha fiestra, pero había unha altura considerable. Esa fiestra podía ser unha liberación, pero, en realidade, viña ser todo o contrario. Tiña que poñerme canda el para aplaudir aos sanitarios, que nos visen todos e logo, baixo a canción do Dúo Dinámico, collerme da man e darme un bico ante os veciños. Nunca un lugar que se abría ao mundo foi un sendeiro de bágoas e de frustración. O interior de aqueles algo máis de oitenta metros cadrados, estábanme a deixar sen respiración, atoldada. Observei unha roseira e non sei porque razón puxen os ollos nela. Pensei que unha rosa podería ser a miña salvación e así foi, como o milagre da beleza que vence ás cascudas.

Nun folio escribín a palabra **axuda, axuda**, varias veces e nun gran tamaño, e como se fose unha cativa, argallei un avión de papel e, precisando a puntería, guindeino contra esa rosa sobre a que tiven a gorentosa sensación de que estaba agardando por min. *Voalá.*

Acertei de pleno. **LÚA CEIBE**